

«Lois Pereiro é un anticipado; vai abrindo camiño aos outros»

MANUEL RIVAS
ESCRITOR

> O autor coruñés foi promotor da candidatura do lucense ao Día das Letras Galegas

El Progreso Jaureguizar

Pereiro e Rivas compartiron numerosas experiencias vitais e intelectuais desde que se reuniron para dar contidos á revista *Loia* en Madrid ata o colectivo De Amor e Desamor na Coruña.

P A Real Academia Galega tomou a candidatura con escepticismo.

R Eu fun un dos tres que a presentamos. O que gustou é que foi acollida por unha maioría tras un proceso de elección no que se deu unha oportunidade a todos. Resultou emocionante ir vendo que Lois Pereiro tiña apoios porque era unha aposta arriscada.

P A recepción foi inmillorable, pois nunca houbo pintadas na rúa co perfil do homenaxeado...

R Certo. Nin manifestacións con pancartas recollendo versos... Hai tamén un recital expansivo, *Semente Lois*, no que participa xente de Francia, América...

P O singular é comprobar que conecta cos máis novos.

R Percibiron que a súa voz ten un significado, porque a súa poesía logra dicir aquilo que non estaba expresado. Lois era unha voz singular e xeracional ao tempo.

P ¿Como foi o seu encontro?

R Eu coñecín o seu irmán Xosé Manuel na facultade de Periodismo de Madrid e xurdiu unha amizade. Fun pasar uns días a Monforte e alí o coñecín, na cristalería do pai.

P ¿Conectaron?

R El era máis novo ca nós, pero parecía maior polo xeito de estar e de falar. Logo vías que era unha desas persoas que van un paso por diante. Nel estaba a Galicia dos cancioneiros, dos campesiños, reis e poetas, porque el era as tres cousas. Logo coincidimos en Madrid e fixemos a revista *Loia*.

P ¿Os seus referentes coincidían?

R Sendo moi bo lector, era unha persoa que estaba no cinema e na música. Nos seus textos é un



O escritor coruñés Manuel Rivas. > LV

anticipado, vai por diante abrindo camiños aos outros.

P ¿Seguiron despois en contacto?

R Si, retomámolo cando el veu para A Coruña co colectivo De Amor e Desamor. Sumabamos 21 integrantes, un grupo semellante a *Loia* pero máis variado. Eramos xeracións distintas pero coa idea común de construír un espazo fronte á sensación de baleiro que tiñamos.

P ¿Como encaixaba Pereiro no colectivo De Amor e Desamor?

R É un autor que ten a condición de maldito. A imaxe era distinta, era un corpo que camiñaba en forma de vangarda que está pos-trando a cabeza pola enfermidade. El nunca exteriorizou a dor nin fixo por ser un poeta maldito.

«Fixo unha viaxe á zona secreta do ser humano de modo incondicional»

P ¿Que diferenciaba a súa poesía?

R Fixo unha viaxe á zona secreta do ser humano de modo incondicional, por iso é tan diferente a súa poesía. Fixo unha aposta moi forte.

P ¿Tiña sentido do humor?

R ¡Moito! É un humor que ten fío coa dor. A súa presenza era onírica, a de alguén que coñece o fondo da vida e loita contra a morte.

